

# Criterios de Avaliación / Corrección

## CONVOCATORIAS DE XUÑO E SETEMBRO

### PRIMEIRA PERGUNTA (1.5 valores)

Con esta pregunta preténdese avaliar a comprensión do texto e a capacidade que o alunado ten para sintetizalo, indicando o tema e unha reescrita que o condense. Extensión, por volta de 50 palabras.

### SEGUNDA PERGUNTA (1.5 valores)

Preténdese valorar que o alumno ou a aluna coñeza o significado que ten no texto a palabra indicada e que teña capacidade para explicar o seu significado. Non será válida a resposta cando só conteña sinónimos ou tradución a outra lingua.

Cada resposta válida representa 0.25 ou 0.50 segundo a Opción. Concederanse 0.15/0,25 valores se a resposta non é clara mais se aproxima bastante do significado que a palabra indicada ten no texto e o/a alumno/a consegue dar unha explicación do seu significado que non estea completamente errada.

### TERCEIRA PERGUNTA (2 valores)

Con esta cuestión quérese avaliar a capacidade do alunado para elaborar un xuízo crítico, ben organizado e argumentado, sobre o asunto indicado. Preténdese observar igualmente a súa competencia para expresar eses xuízos nunha composición organizada e cunha expresión lingüística correcta e eficaz. Extensión, por volta de 150 palabras.

Concederanse 2 puntos cando a redacción exprese con claridade as opinións, presente teses e argumentos de xeito ordenado, haxa boa organización e secuenciamento lóxico, posúa unha estrutura progresiva e a expresión sexa fluída.

Concederanse 1,5 puntos cando a redacción presente algunha confusión, ambigüidade ou incongruencia na expresión, repetición de ideas -aínda que estean expostas con claridade-, haxa unha organización pouco rixida do texto, os argumentos non estean ben ordenados e a expresión non sexa fluída.

Concederase 1 punto cando a redacción sexa deficiente, non se expresen con orde nin claridade as opinións, haxa pouca organización do conteúdo, as ideas aparezan confusas e mal ligadas e a redacción non teña un secuenciamento lóxico.

Concederanse 0,5 puntos cando a redacción e a organización do texto sexan deficientes, haxa repeticións innecesarias, o texto non teña cohesión e resulte difícil a comprensión da intención comunicativa.

Non se concederán puntos cando a redacción sexa moi deficiente, non haxa organización do texto e as ideas aparezan dispersas e inconexas.

### QUARTA PREGUNTA (2 valores)

- a) Concederase 0,25 valores por cada forma verbal correcta.
- b) Concederase 0.25 valores por cada forma de plural correcta.

### QUINTA PREGUNTA (2 valores)

- a) Preténdese que o alunado mostre o seu coñecemento dalgunha circunstancia socio-lingüística diferencial de Portugal, Brasil e os PALOP, referindo os países e aludindo à existêncía de línguas nacionais diferentes
- b) Preténdese que o alunado mostre o seu coñecemento de aspetos relativos á produción cultural brasileira en varias dimensións da mesma.

### SEXTA PERGUNTA (1 valor)

Preténdese que o alunado demostre a capacidade de comprender un texto oral e de responder as cuestións que se formulan a propósito del.

Finalmente, tamén se valorará a corrección lingüística do exame, polo que sobre a cualificación global se poderán descontar até un máximo de 2 puntos por erros ortográficos. Os erros poderán ser:

-Moi graves: Aquelas solucións alleas ao sistema lingüístico do portugués. Descontaranse 0,2 puntos.

-Graves: Solucións ortográficas contrarias ás normas lingüísticas utilizadas. Acentuación diacrítica. Descontaranse 0,1 puntos.

-Leves: Solucións alleas aos diferentes estándares vixentes. Acentuación non diacrítica. Penalizaranse con 0,05 puntos.